




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Ría de Corne e Laxe. Municipio: Ponteceso. Parroquias: unha pequena franxa no noroeste en Nosa Señora dos Remedios de Corne Porto ao oeste, Santo Adrián de Corne Aldea ao norte e San Tirso de Cospindo, ao sur. Extensión: 5,03km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Amplio corredor deprimido, liña de debilidade tectónica, que dá lugar a un val costeiro alongado e de certa suavidade topográfica. A concavidade, de fondo aplanado conserva un amplo espazo hidromorfo cuxa fronte está obturada por un cordón de dunas e unha praia que dificultan a drenaxe. O enlace do fondo do val coas elevacións graníticas de encaixe é gradual, bastante regular e de pendente moderada, cando non suave. Nos extremos da unidade desenvólvense cantís baixos sobre os que se desenvolven depósitos areosos.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade incluída no Dominio Hercínico cun granito "Tipo Laxe", de dúas micas, de gran medio a grosso, lixeiramente orientado. Importante Cuaternario, non tanto polos sedimentos de areais como polos existentes na extensa área hidromorfa do val.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Húmido. Acumula entre 1200mm e 1400mm de precipitación media ao ano. As temperaturas en xeral son suaves con valores medios por riba de 14°C e unha oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

A unidade ten como solos fundamentais os cambisols dístricos. Pero nos altos do sueste da unidade aparecen leptosols líticos polos frecuentes afloramentos rochosos e nas brañas de Gondomil é posible que aparezan cambisols gleicos ou outros tipos que denotan maiormente a hidromorfia existente.


AS AUGAS

O rego de Guxín, que percorre todo o val central da unidade, desemboca na praia da Ermida, recibindo a achega de numerosos tributarios, especialmente os procedentes da súa vertente esquerda. O cordón areoso que obstaculiza a súa saída ao mar dá lugar a unha pequena superficie de esteiro que recibe o nome de Brañas de Gondomil. As Augas Costeiras dominantes son as da ría de Corme e Laxe (20171).

O PATRIMONIO NATURAL

O cordón de dunas está dentro do LIC Costa da Morte. Pertence ao IBA Costa da Morte. Fronte sedimentaria no que aparece un pequeno sector acantilado. Destacan os hábitats do grupo 21, dunas marítimas das costas atlánticas. Na zona máis continental a gran área deprimida das brañas de Gondomil achega unha serie de hábitats pouco correntes na Costa da Morte. Desenvólvense amplamente os prados húmidos e os seus hábitats 6420, de herbas altas do Molinion-Holoschoenion e 6430, Megaforbios eutrofos higrófilos. Ademais, é posible encontrar breixos húmidos nos que domina Erica ciliaris. Especial importancia a presenza de extensas masas de frondosas ripícolas (91E0) na depresión do rego de Gunxín, principal valor arbóreo autóctono, aínda cando os rodais de frondosas de recolonización tamén aparecen na unidade. No norte preséntase o grupo dos hábitats rochosos do 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica, e os breixos secos europeos (4030).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Dentro da unidade podemos diferenciar dous espazos definidos en función das características do relevo. A zona noroccidental da unidade está atravesada polo val do Rego de Guxín en torno ao cal se localizan os espazos cultivados e os principais núcleos de poboación como Gondomil, Froxán, Guxín ou Aldea de Corme. Nos espazos máis altos desta área predominan as formacións vexetais asociadas aos espazos litorais. A zona suroriental, máis abrupta, está dominada por monocultivos de eucalipto e piñeiro entre os que aparecen grandes espazos abertos tapizados por matogueiras de substitución derivados do abandono dos antigos campos de cultivo existentes nesta parte. Na costa destaca a presenza da fermosa praia da Ermida que confire á unidade un uso turístico e recreativo. O areal mantén un espazo de dunas asociado tras o cal e dada a escasa pendente fórmanse zonas hidromorfas asociadas á desembocadura do Rego de Guxín.

MORFOLOXÍA

A morfoloxía dos asentamentos responde as características típicas da aldea galega definida pola súa compacidade e pola proximidade aos espazos agrarios dos que depende. Mención á parte merece o núcleo de Aldea de Corme cuxa fisionomía e estrutura, influenciada pola súa situación periférica respecto da vila de Corme, responde á dun pequeno pobo articulado ao redor da estrada AC-424. O espazo agrícola defínese polo reducido tamaño das parcelas situadas perpendicularmente ao Rego de Guxín para facilitar o acceso á auga. Trátase dun parcelario minifundista destinado basicamente ao autoconsumo e que foi perdendo peso específico co paso dos anos até quedar reducido ao espazo interfluvial dos Regos de Corme e Guxín. Nas zonas de maior pendente as parcelas delimitáanse con extensos muros de pedra de gran valor etnolóxico e que supoñen un elemento moi representativo desta parte do litoral.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A principal vía de comunicación que transita a unidade é a AC-424 a partir da cal se crea unha rede de camiños e pistas de carácter rural que vertebran todo o espazo comunicando as diferentes aldeas. Na parte suroriental desenvólvese unha rede de carreiros que permite chegar a aqueles espazos menos accesibles da unidade.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Na unidade aparecen restos de antigos poboadores pertencentes á cultura Castrexa e que deixaron o seu sinal en forma de Mámoas como as de Monte Carballa ou restos de cazoletas asociadas ao cruceiro de Pedra da Serpe do que se di puido ser orixinalmente un petróglifo. Cabe destacar a presenza dun fermoso pazo en Aldea de Corme xunto a varios muiños e hórreos situados nas proximidades de Gondomil e que son claros indicadores da importancia que o cultivo do cereal e do gran tivo na zona. Existen numerosos cruceiros repartidos polos diferentes núcleos de poboación. Moi interesantes son tamén as Capelas do Faro e San Xosé pertencentes á parroquia de Santo Adrián de Aldea de Arriba cuxa igrexa e casa reitoral merecen a pena ser visitadas. Mencionar que cada 8 de setembro, na ermida da Virxe do Faro, situada na parroquia de Brantuas, celébrase unha concorrida romaría á que acoden os devotos tras peregrinar varios quilómetros.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Resulta evidente a relación existente entre a estrutura do relevo e a organización espacial da unidade. O sector do val do Rego de Guixán concentra a maioría das actividades económicas ligadas á agricultura á vez que alberga á práctica totalidade dos núcleos de poboación. Este feito provoca que se concentren neste espazo as principais vías de comunicación con obxecto de facilitar a mobilidade e intercambios socio-económicos entre os diferentes asentamentos. Pola contra, o sector suroriental alberga actividades que requiren unha menor dedicación como as silvícolas. Esta circunstancia unida á incomodidade do relevo provoca unha ausencia de edificacións e, por tanto, unha moi baixa presión antrópica sobre a paisaxe. En conxunto estamos nun espazo que presenta un marcado carácter rural produto a idiosincrasia das súas xentes que souberon manter unha base agraria tradicional adaptada aos novos sistemas de produción.

DINÁMICA DA PAISAXE


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Resaltar a diversidade de cores e texturas da unidade, encabezada pola praia de areas brancas que dá paso a un val que alterna parcelas de cultivo con bosquetes de frondosas. Ao fondo da unidade o núcleo tradicional da Aldea de Corme coas súas casas de pedra salpicadas de novas edificacións brancas serve de zona de transición co fondo escénico de Monte do Faro. Trátase dun espazo ben conservado no que os elementos rurais dominan toda a unidade. A presenza dun río, o Rego de Guixán, achega calidade á escena actuando, ao tempo, como corredor ecolóxico comunicando a praia da Ermida co Monte do Faro. A calidade da contorna do río queda reflectida na existencia de zonas de gran valor ecolóxico como pequenos espazos de bosque de ribeira ou zonas hidromorfas próximas ao cordón de dunas do areal de Ermida. Os núcleos de poboación reflicten a tradición arquitectónica das aldeas de Galicia non só no que se refire ás edificacións senón tamén á presenza de elementos de gran valor cultural e etnográfico como os cruceiros ou os hórreos, reflexo vivo do modo de vida e o sentir dos habitantes da costa de Corme. O litoral está incluído nos catálogos Rede Natura 2000 e LIC Costa da Morte polo seu alto valor escénico e paisaxístico. A costa tórnase como un lugar idílico, pouco construído, perfecto para gozar do mar e da paisaxe que nos brinda este recuncho da Costa da Morte. Propomos dous puntos de observación situados na ermida de Monte Faro e na Punta da Furna chamada así pola presenza dunha gran cavidade aberta nas rocas debido á acción mariña e na que se celebra un concerto chamado "Noite dos encantos" todos os veráns.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS






A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



